

EXTRACTO DO BORRADOR DA ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

28 de xullo de 2016

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e sete minutos do día vinte e oito de xullo de dous mil dezaseis; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras SR. DON JAIME CASTIÑEIRA BROZ, SRA. DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, SRA. DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, SR. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, SRA. DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO, SR. DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, SR. DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, SRA. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ; ILMA. SRA. DONA ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcaldede Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico; ILMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes; ILMA SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; ILMA SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; ILMO. SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal; ILMA SRA. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía; SR. DON SANTIAGO CELSO FERNÁNDEZ ROCHA, SRA. DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, SR. DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SRA. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, SR. DON JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ e SR. DON CARLOS ANXO PORTOMENE PÉREZ, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído a presidenta.

Non asiste o ILMO. SR. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, ausente por atoparse de vacacións.

Abandonan o salón de sesións antes de levantarse esta DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, que se ausenta canto se está a tratar o asunto núm. 8/142 e DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, que se ausenta cando se está a tratar o asunto núm. 12/146



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap09

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-7-2016

Dá fe do acto a Vicesecretaria da Corporación, dona María García Ferro, e está presente o Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:

A) PARTE RESOLUTIVA

URBANISMO

1/135 **CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAS NAS DETERMINACIÓNS URBANÍSTICAS RELATIVAS Ó CAMPUS UNIVERSITARIO DE LUGO CONTIDAS NO PXOM APROBADO DEFINITIVAMENTE DE FORMA PARCIAL POLA ORDE, DO 29-04-11, DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (CMATI).- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:**

PRIMEIRO.- Proceder, pola vía do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a corrixir os seguintes **SEIS erros materiais, aritméticos e gráficos** existentes nas determinacións do PXOM aprobado definitivamente de forma parcial pola Orde, do 29-04-11, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), relativas ó ámbito territorial do Campus Universitario de Lugo, segundo o detalle que a continuación se relaciona, de conformidade co informe conxunto da arquitecta de EVISLUSA dona Susana Penedo Souto e do arquitecto do Servizo Municipal de Arquitectura don Manuel Cortón Muínelo, de xullo de 2016 (obranche nos folios 1 ó 7 do expediente administrativo) e tamén de conformidade co informe, de data do 6-07-16, dos arquitectos municipais don Ángel Riva Cabanas e don Manuel Cortón Muínelo e os arquitectos técnicos municipais don Julio Lamas Pardo e dona Belén Santiago Vázquez (obranche no folio 8 do expediente administrativo):

-UN: 1^{er}.-erro material:

Se sinala que a suma de la edificabilidad Parcelas 4 y 8 es de 40.020m² sin embargo, la parcela 4 originariamente en el PEC tiene 48.061 de la que se señalan en la propia ficha que se transfieren 12.000m² a la parcela 1 y otros 12.000m² a la parcela 11. Quedarían por tanto 24.061m² que sumados a los 27680m² de la parcela 8 que no se modifican hacen un total de 51.741m² a diferencia de los 40.020 m² señalados en la ficha. Así pues,

Donde dice "Parcelas 4 y 8: 40.020m²" debe decir "Parcelas 4 y 8: 51.741m²"

-DOUS: 2º.- erro material.

Se sinala que a la Parcela 11 se le transfieren 12.000m² y sin embargo en la ficha aparece una edificabilidad total de la parcela de 6520m² inferior a esta y que se corresponde con la original del PEC para este ámbito, por lo

que falta añadirle la edificabilidad que se indica se traspasa de 12.000m² de la parcela 4, haciendo un total de 18.520m². Así pues,

Donde dice "Parcela 11: 6.520m²" debe decir "Parcela 11: 18.520m²"

Así pues este sub-apartado:

Edificabilidad pormenorizada	✓ Parcela 1: 39.300 m² (se transfieren 12.000 m² de la parcela 4) ✓ Parcelas 4 y 8: 40.020 m² (edificabilidad transferida a la parcela 1: -12.000 m²) ✓ Parcela 11: 6.520 m² (se transfieren 12.000 m² de la parcela 4)
-------------------------------------	---

Quedaría sustituido por este otro:

Edificabilidad pormenorizada	✓ Parcela 1: 39.300 m² (se transfieren 12.000 m² de la parcela 4) ✓ Parcelas 4 y 8: 51.741m² (edificabilidad transferida a la parcela 1: -12.000 m² y -12.000m² a la parcela 4) ✓ Parcela 11: 18.520m² (se transfieren 12.000 m² de la parcela 4)
-------------------------------------	--

-TRES: En el apartado de "Determinaciones de Ordenación" se recoge, la edificabilidad transcrita en el cuadro de edificabilidades del Plan Especial Campus Universitario.

Pero este a su vez tiene un error aritmético.

CUADRO DE EDIFICABILIDADES DEL PLAN ESPECIAL CAMPUS UNIVERSITARIO



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Ref#: 16extractoap09

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-7-2016

CUADRO DE EDIFICABILIDAD				
PARCELA	SUP.EDIF. M2E/M2	PGOU M2E	P.ESPECIAL % M2E	TOTAL
1	0.5	8 154	27.300	2,55%
2	1,5	135 276	104.430	42,97%
3	1,6	30.912	30.912	9,82%
4	1,6	48.061	48.061	15,27%
5				0,00%
6	0.5	12.150	23.850	3,86%
7	0.5	354	354	0,11%
8	1,6	27 680	27.680	8,79%
9	1,6	18.704	18.704	5,94%
10	0.15	5 544	5.544	1,76%
11	0.15	6 520	6.520	2,07%
12	1,6	18 659	18.659	5,93%
13				
14	0,5	2.780	2.780	0,88%
15				
		314.793	314.793	100,00%


TOTAL SUMA REAL: 314.794

Existe un error de suma en este cuadro del PEC, **donde pone 314.793 M2E debe decir 314.794 M2E.**, la suma es sólo de 1M2E más.

Por lo tanto **donde dice "Superficie edificable máxima: 314.793m2" debe decir "Superficie edificable máxima 314.794m2"**.

-CATRO: Además debe añadirse la parcela 15 Zona Verde que existe en el Plan especial Campus y que no se incluye en el sub-apartado de "Ordenanzas de aplicación".

ZONIFICACION DEL PLAN ESPECIAL CAMPUS UNIVERSITARIO



Por lo tanto el apartado de la ficha siguiente:
DETERMINACIONES DE ORDENACIÓN



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap09

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-7-2016

Superficie del ámbito	437.794 m ²
Superficie edificable máxima	314.793 m ²
Calificación	Equipamiento comunitario
Ordenanzas de aplicación	Ordenanzas Urbanísticas particulares de parcela: ✓ Parcela 1. Equipamientos y residencial ✓ Parcela 2. Docente ✓ Parcela 3. Docente ✓ Parcela 4. Reserva docente ✓ Parcela 5. Zona verde ✓ Parcela 6. Administrativo, Equipamiento socio-cultural ✓ Parcela 7. Socio-cultural ✓ Parcela 8. Reserva docente ✓ Parcela 10. Deportivo ✓ Parcela 11. Reserva deportiva ✓ Parcela 12. Docente ✓ Parcela 13. Zona verde ✓ Parcela 14. Equipamiento Universitario

Debe sustituirse por este:

DETERMINACIONES DE ORDENACIÓN

Superficie del ámbito	437.794 m ²
Superficie edificable máxima	314.794 m ²
Calificación	Equipamiento comunitario
Ordenanzas de aplicación	Ordenanzas Urbanísticas particulares de parcela: ✓ Parcela 1. Equipamientos y residencial ✓ Parcela 2. Docente ✓ Parcela 3. Docente ✓ Parcela 4. Reserva docente ✓ Parcela 5. Zona verde ✓ Parcela 6. Administrativo, Equipamiento socio-cultural ✓ Parcela 7. Socio-cultural ✓ Parcela 8. Reserva docente ✓ Parcela 10. Deportivo ✓ Parcela 11. Reserva deportiva ✓ Parcela 12. Docente ✓ Parcela 13. Zona verde ✓ Parcela 14. Equipamiento Universitario ✓ Parcela 15. Zona verde

- **CINCO E SEIS:** En la representación gráfica que incorpora la ficha del URPI-3 también existen dos errores materiales de notación, pues no recogen la existente en los planos de ordenación del suelo urbano.

Los errores son: la errónea ubicación de la notación del SG E-65 y la identificación del EL-25 que en realidad debe decir EL-9.

Así pues la representación gráfica de la ficha del URPI existente:




ACTAS E GOBERNO

MGF/jch


Refª: 16extractoap09

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-7-2016



1/6.000

Debe substituírse por esta:



1/6.000



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap09

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-7-2016

SEGUNDO.- Realizar o correspondente anuncio deste acordo, para xeral coñecemento, no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.


TERCEIRO.- Comunicarlle este acordo á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (CMAOT) da Xunta de Galicia para o seu coñecemento e oportunos efectos, significándolles que o presente acordo pon fin a vía administrativa e contra el pódese interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da recepción desta comunicación, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, así como as demais accións legais que estime pertinentes.

Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, no prazo de dous meses, contados dende a recepción da presente comunicación, poderá requirir ó Excmo. Concello Pleno, para que anule ou revogue o presente acto; requirimento que se entenderá rexeitado se non se contestara dentro do mes seguinte á súa recepción. De utilizarse esta vía, o prazo de dous meses para interpoñer recurso contencioso-administrativo contará dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do requirimento ou se entenda presuntamente rexeitado (artigos 44.2 e 3 e 46.6 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa).

2/136 CRITERIOS INTERPRETATIVOS DAS DETERMINACIÓNS DO PXOM APROBADO DEFINITIVAMENTE DE FORMA PARCIAL POLA ORDE, DO 29-04-11, DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (CMATI), RELATIVAS Ó ÁMBITO TERRITORIAL DO CAMPUS UNIVERSITARIO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar, de conformidade co ditame conxunto da arquitecta de EVISLUSA dona Susana Penedo Souto e do arquitecto do Servizo Municipal de Arquitectura don Manuel Cortón Muínelo, de xullo de 2016 (obranche nos folios 23 ó 34 do expediente administrativo) e tamén de conformidade co informe, de data do 6-07-16, dos arquitectos municipais don Ángel Riva Cabanas e don Manuel Cortón Muínelo e os arquitectos técnicos municipais don Julio Lamas Pardo e dona Belén Santiago Vázquez (obranche no folio 35 do expediente administrativo), os criterios interpretativos contidos no devandito ditame, relativo as determinacións urbanísticas do ámbito territorial do Campus Universitario de Lugo, contidas no PXOM aprobado definitivamente de forma parcial pola Orde, do 29-04-11, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), as cales se resumen na representación gráfica e cadro que a continuación se transcribe:

ZONIFICACION DEL CAMPUS UNIVERSITARIO en PXOM-PEC CON USOS Y NUEVA NOTACIÓN



SEGUNDO.- Notificarlles este acordo ós Servizos Municipais de Arquitectura, Licenzas, Urbanismo, Enxeñaría e Medio Ambiente, para o seu coñecemento e oportunos efectos.

PERSOAL

3/137 ADOPCIÓN DE ACORDO PLENARIO NO QUE SE POÑA DE MANIFESTO QUE APLICANDO A MEDIDA DE CONVOCAR O CEN POR CEN DA TAXA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS EN POLICÍA LOCAL E EXTINCIÓN DE INCENDIOS NON SE PON EN RISCO O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** poñer de manifesto que convocando o 100% da taxa de reposición de efectivos en Policía Local e Extinción de Incendios, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2015, non se pon e risco o cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria.

CULTURA

4/138 RATIFICACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 16004933 DO 21 DE XUÑO DE 2016, RELATIVO AO SINALAMENTO DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2017.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA RATIFICAR** o Decreto número 16004933, do 21 de xuño de 2016, do seguinte teor literal:

“DECRETO NÚM. 16004933 DO 21/06/2016



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap09

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-7-2016

Ilma. Sra. Dona M^a del Carmen Basadre Vázquez, Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.

Instruído o expediente relativo ao sinalamento das festas locais para o ano 2017.

Vista a proposta da Sección de Cultura, obrante no expediente, na parte expositiva do mesmo faise consta-lo seguinte:

“Que tradicionalmente as festas locais deste Concello son o martes de carnaval e o día de San Froilán.- E que á vista do prazo que sinala a Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar Social, entende que como anos anteriores, procede a Resolución da Alcaldía sinalando como festas locais deste municipio de Lugo, o día 28 de febreiro-martes de carnaval- e o día 5 de outubro-San Froilán- para o ano 2017, e someter a devandita Resolución á ratificación do Excmo. Concello Pleno”.

No uso das atribucións conferidas ao Alcalde no artigo 21.1 da lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e segundo o Decreto 15005366 do 6 de xullo de 2015.

RESOLVO:

1º.-Propoñer á Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar Social o sinalamento das seguintes datas como festas locais para o ano 2017:

-28 de febreiro (martes de entroido)

-5 de outubro (San Froilán).

2º.-Dar conta da presente resolución ao Excmo. Concello Pleno para a súa ratificación. Cúmprase”.

FACENDA LOCAL

5/139 **LICENZAS URBANÍSTICAS.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA CONSTRUCCIÓN DUNHA NAVE PARA ALMACÉN, ENVASADO E DISTRIBUCIÓN DE CALES E CARBONATOS AGRÍCOLAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE AS GÁNDARAS, RÚA CRUZ GALLASTEGUI UNAMUNO, 7, VIAL G, PARCELA E3.3, PRESENTADA POR GALICAL CALES Y CARBONATOS AGRÍCOLAS, S.L.- O Excmo. Concello ACORDA:**

PRIMEIRO.- ESTIMAR a solicitude formulada por “GALICAL CALES Y CARBONATOS AGRÍCOLAS, S.L.”, procedendo á declaración da construción dunha nave para almacén, envasado e distribución de cales e carbonatos agrícolas no Parque Empresarial de As Gándaras, rúa Cruz Gallastegui Unamuno, 7, vial G, parcela E3.3, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas para os efectos da súa motivación.

SEGUNDO.- Conceder ó solicitante un prazo dun mes dende a notificación do acordo plenario para a solicitude da bonificación do 50% da cota do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

PROPOSICIÓNS

6/140 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 213/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A INSTALACIÓN DUNHA APLICACIÓN MÓBIL PARA PERSOAS XORDAS.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** poñer en funcionamento unha aplicación para teléfonos móbiles que permita a comunicación de persoas xordas cos servizos municipais de policía e bombeiros.

7/141 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 217/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CREACIÓN DUNHA ZONA PÚBLICA DE BAÑO E Á RECUPERACIÓN DE CANEIROS NO CONTORNO DO PAZO UNIVERSITARIO DOS DEPORTES.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** rexeitar a referida proposición presentada polo Grupo Municipal Popular., anteriormente transcrita.

8/142 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 228/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA AO CONTROL E SUPERVISIÓN DAS OBRAS EN EXECUCIÓN.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Habilitar os mecanismos administrativos oportunos que poñan inmediatamente en funcionamento o órgano de apoio ós responsables de cada servizo para avaliar periódicamente a calidade das concesións externalizadas do Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Ampliar ese control e supervisión ás obras contratadas polo goberno, en prol dunha maior transparencia, como garante de que se cumpren os prazos e a execución das mesmas segundo o acordado en Xunta de Goberno, dando traslado á oposición da evolución do seu estado, de xeito semestral, na Comisión Municipal correspondente

9/143 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 230/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á MELLORA DA REGULACIÓN SEMAFÓRICA EN INTERSECCIÓN CONFLITIVAS DA CIDADE.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** instar ao Goberno Municipal a estudar a posibilidade de levar a cabo, entre outras, as modificacións na regulación semafórica da cidade, referidas na parte expositiva, así como calquera outra mellora na seguridade viaria, nomeadamente nos puntos sinalados.

10/144 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 232/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A EXECUCIÓN DUN NOVO PARQUE INFANTIL NO CASCO HISTÓRICO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** estudar o mellor lugar dentro do casco histórico de cara a instalar, no menor tempo posíbel, un novo parque infantil.

11/145 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 233/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DOTAR DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE A NÚCLEOS DA PARROQUIA DE ORBAZAI.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** instar ao Goberno Municipal a que leve a cabo na maior brevidade



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap09

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-7-2016

posible a execución das obras necesarias para completar a rede de abastecemento de auga nos núcleos de Mallodoira, Taboelle, O Cabalo, O Vilar, Penarrubia e Areosa da parroquia de Orbazai.

12/146 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 234/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CREACIÓN DUNHA RENDA BÁSICA SOCIAL MUNICIPAL.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** a creación (estudo, redacción e desenvolvemento) dunha Renda Básica Municipal, baseada nas conclusións do Mapa Social que o Concello está a elaborar e que garanta que ningún veciño ou veciña quede sen os ingresos básicos que lle permitan vivir dignamente, integrando esta renda básica dentro do pacto de loita contra a pobreza para facer desta renda unha ferramenta de inclusión mediante a coordinación entre as entidades sociais e os servizos sociais municipais para a activación de itinerarios de acompañamento e de apoio no proceso de recuperación social.

13/147 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 235/2016 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A POSTA EN MARCHA DUNHA LIÑA DE CRÉDITOS REEMBOLSABLES PARA INICIATIVAS EMPRESARIAIS.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** rexeitar a referida proposición presentada polo Grupo Municipal de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía.

14/148 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 236/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A INICIAR OS TRÁMITES CARA A GRATUIDADE DO APARCADOIRO DO HULA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia, por medio da súa Consellería de Sanidade, a que adopte as medidas pertinentes para iniciar a gratuidade no aparcadoiro do Hospital Universitario Lucus Augusti, tal e como quedou aprobado no Pleno do mes de marzo de 2016.

SEGUNDO.- Mentres non se conclúe este proceso de gratuidade, establecer de modo temporal unha eliminación do pago para a primeira hora de estancia no aparcadoiro, así como unha redución das tarifas do 50% en horas sucesivas.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

15/149 DEUSE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 17 DE XUÑO DE 2016, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

16/150 DEUSE CONTA DO DECRETO NÚMERO 16005312, DO 15 DE XULLO DE 2016, POLO QUE SE MODIFICA A ORGANIZACIÓN MUNICIPAL CON MOTIVO DA CREACIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS.

URBANISMO

17/151 TOMA DE RAZÓN DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO Nº 887/2016, DE DATA DO 22-4-16, ESTIMATORIA DO RECURSO DE CASACIÓN Nº 4058/2014, INTERPOSTO POR DON ROBERTO DIAZ VILA, CONTRA A SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA Nº 747/2014, DE DATA DO 25-9-14, DESESTIMATORIA DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 4404/12, INTERPOSTO CONTRA A ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (CMATI), DO 29-04-11, SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA PARCIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM).- o Excmo. Concello Pleno TOMA RAZÓN da sentenza do Tribunal Supremo nº 887/2016, de data do 22 de abril de 2016, estimatoria do recurso de casación nº 4058/2014, en cuxo fallo literalmente se establece:

“Ha lugar al presente recurso de casación nº 4058/2014 interpuesto por la representación de D. ROBERTO DIAZ VILA, contra la sentencia, de fecha veinticinco de septiembre de dos mil catorce, dictada por la Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia en el recurso número 4404/2012, y casando dicha sentencia, reponemos las actuaciones procesales de la instancia al momento en que se produjo la infracción apreciada, para que, se realice la práctica de la ratificación de la prueba pericial interesada y continúe la tramitación del proceso hasta dictar la sentencia que proceda. No se imponen las costas de este recurso”.

C) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

- 1.- Declaración Institucional de apoio expreso ás vítimas do Alvia 04155
- 2.- Declaración institucional de condena do 18 de xullo de 1936. Nunca máis un 18 de xullo.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulan.

